

Innegable oficio

Formas de novela gótica

 DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Corre o ano 1517; no frío azul dunha noite invernal, o nobre cazador Egas de Doncos bate nas portas do mosteiro de Oseira, guiado pola determinación inapelable de entrevistarse co abade. Leva con el as probas do prodixio que lle truncou a vida: un noxento atado de despoxos e un fino anel, pezas ambas dun enigma incompleto que precisa, máis ca nada no mundo, resolver. O abade, só el coñece a resposta que esixe; mais tardará longos días en acceder a falar. Cando se atopan, o cazador percibe no vello relixioso unha inopinada forza animal, unha ansia carniceira de fera na cova; pero Egas escollera saber e sabería, por moi cruel que fose a verdade.

Os dous homes se enfrentan nunha conversa que enfiará unha longa serie de acontecementos, personaxes e lugares, ata volver a confluír no inhóspito cenobio. O relato do superior de Oseira - "Lourenzo de Navascues, entre outros nomes e escudos" - revela a demoledora traxectoria dun home capaz de ultrapassar calquera límite na perversa procura do coñecemento; un

home que foi negro-mante, soldado e inquisidor antes que fraude, e que gozou do poder absoluto nunha época en que a lei feudal resultaba inapelable e calquera desviación ardia nas luminarias do Santo Oficio. O relato de Egas, pola súa parte, narra unha vida sinxela que agardaba un futuro feliz. Non obstante, hai forzas capaces de transgredir a orde do universo: unhas se encarnan nas criaturas luares e conforman as lendas; outras, básicas, como a fame, estouran a plena luz de agosto e se converten en rebelión. Aqueles homes rozaran o paraíso, mais o seu destino era o da tragedia: onde no cabe a xustiza, a vinganza sempre pode tomar o seu lugar.

Con innegable oficio, Caride combina acontecementos históricos, arquetipos literarios e folklore tradicional nunha eficaz receita de novela gótica. Imposible non evocar ecos dos escritores malditos e románticos, captar algúns alusións cómplices ao círculo de Lovecraft, lembrar outras confesións dende o corazón das tebras... Aínda que ás veces se sinta unha certa sensación de déjà-vu, ou mesmo se poda predicir o progreso das distintas historias, o mesurado sentido do suspense e o ritmo, combinado cun vocabulario rico e escollido, garanten unhas horas de entretida lectura.

CARIDE OGANDO, Ramón, *O frío azul*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 122 páxinas.